

CAMARÓN: FLAMENCO Y REVOLUCIÓN

385

[Alexis Morante, 2017]

ESTREA EN NUMAX: 01.06.2018 | V.O.

Camarón: Flamenco y Revolución (2018, 104')

Dirección: Alexis Morante

Guión: Alexis Morante, Raúl Santos

Participación: Juan Diego (voz en off), Camarón de la Isla

Son: Vicente Villaescusa

Montaxe: Raúl Santos

Música: Miguel Torres, Julio Revilla

Fotografía: Juanma Carmona

Produtoras: Lolita Films, Canal Sur Andalucía, Mediaeys, FilmStar, Ulula Films (España)

Distribuidora: Karma Films

Formato de proxección: DCP2K, 1.77:1

Idioma orixinal: Español

FILMOGRAFÍA SELECCIONADA

SANZ: Lo que fui es lo que soy, 2018

[con Óscar García Blesa, Mercedes Cantero, Gervasio Iglesias]

El camino más largo, 2016

Bla, bla, bla, 2015 [curtametraxe]

Licenciado Cantinas: the movie, 2012

Matador on the Road, 2011

[curtametraxe]

Voltereta, 2010 [curtametraxe]

Sangre española, 2001 [curtametraxe]

SINOPSE

O 5 de decembro de 1950 nacía Camarón de la Isla, a figura que revolucionou a arte do flamenco. Denostado polos puristas e convertido en toda unha icona para o público e nun referente para o pobo xitano, Camarón levou unha vida sempre ao límite. Un xenio adiantado ao seu tempo chamado a ser un dos artistas máis influentes e determinantes do século XX a pesar da súa prematura morte en 1992.

PREMIOS E FESTIVAIS

Málaga 2018 (Sección especial documentais)

«Potente retrato que encumbra a Camarón como unha lenda. Emociona tanto como oílo cantar»

Andrea G. Bermejo, CINEMANÍA



CAMARÓN: FLAMENCO Y REVOLUCIÓN

[Alexis Morante, 2017]

★
EUROPA CINEMAS
CREATIVE EUROPE - MEDIA SUB-PROGRAMME

Notas do director

Alexis Morante

Cando tiña 13 anos e me atopaba na miña cidade natal de Alxeciras a televisión confirmou a noticia: Camarón de la Isla morreu. Como paisano de Paco de Lucía e fillo dun afeccionado ao flamenco, desde pequeno toquei a guitarra e estaba interesado polo flamenco, na mesma medida en que me interesaba o rock, o grunge ou o blues. Medrar con Camarón como unha estrela máis da música era algo normal na miña casa. Meu pai tiña discos de Camarón e Paco de Lucía entre dicos de Pink Floyd, The Doors ou Elvis. Aquel día morreu Camarón. E en Alxeciras, cidade de tradición xitana, amencía cun ambiente anubrado, típico do levante, do Estreito. Lembro que camiñei co meu pai por un dos barrios xitanos periféricos. Alí sobrepúñanse á morte do deus do canto como se morrese alguén da súa propia familia. Chamoume algo a atención ao escoitar un xitano que non paraba de berrar. Na televisión impactáronme as imaxes das noticias onde se vía o enterro multitudinario en San Fernando, cheo de sentimento. Aquilo quedoume gravado. Quen era esa persoa que tanta paixón provocaba coa súa morte? Por que revolucionou o flamenco en particular e a música en xeral?

Na actualidade vivo en EEUU, e logo de ter realizado varios traballos cinematográficos musicais para estrelas do rock e do pop, Camarón de la Isla volve ser protagonista. Cando me propuxeron realizar un filme sobre Camarón non o pensei dúas veces. Era a oportunidade de contar a historia detrás do mito; de aprender e transmitir por que Camarón está á altura das grandes lendas da música internacional; de plasmar o contexto cultural e social de Camarón en vida, mostrando como se converteu nunha inoca de todo un pobo como o xitano. Contar a historia de Camarón supuxo unha aprendizaxe, gozar e asumir a responsabilidade de transmitir algo único e irrepitíbel.

A historia de Camarón nárrese no filme en rigoroso presente, estruturado a través da súa vida, da súa persoa, desde o día exacto que nace, até o día exacto que morre. Nin un día antes nin un día despois. Mergullámonos na súa vida como se estivera a pasar en tempo real, como se a vivíramos á vez que a imos descubriendo. Ninguén fala dun Camarón xa morto, ninguén se adiante ao momento concreto que estamos a contar. Todas as persoas que falan fano desde a época na que Camarón estaba vivo, comezando polo propio Camarón, ao que escoitamos máis que a ninguén a través das súas entrevistas en vida, as súas imaxes inéditas, os seus concertos emblemáticos.

Paralelamente á vida de Camarón, tamén se conta a evolución e realidade dos xitanos nunha sociedade como a española en convulsión polos continuos cambios e persecucións. Camarón non se entende sen unilo aos xitanos. Con

todo o respecto do mundo tentamos facer un filme ameno, musical, emocionante, apaixonado, revolucionario, exactamente como a Camarón lle tería gustado que o fixeramos, ao noso aire, como el dicía. Agora, co filme rematado, volvo lembrar aquela mañá en Alxeciras cando eu tiña 13 anos e morreu Camarón... e agora enténdoo todo.

Un proxecto que se basee en Camarón de la Isla non pode ser calquera proxecto. Non é calquera persoa, nin é calquera artista, nin é calquera historia que haxa que contar. Contar a historia de Camarón é asumir a responsabilidade de transmitir algo único e irrepitíbel. Hai que mergullarse totalmente, cos cinco sentidos, nun universo fascinante que transcende calquera adxectivo. É comprender que non estamos a contar a historia dun cantaor de flamenco. Camarón é moito máis. É un artista universal, unha lenda da música do século XX, como o foron John Lennon, Elvis Presley, Bob Marley ou Jim Morrison. Camarón é un mito que, como tal, pagou o prezo de selo cunha vida chea de luces e sombras, cun final atormentado e cunha morte que converteu o mito en inmortal para sempre.

Publicado en karmafilms.es
Tradución: Xan Gómez Viñas

NA LIBRARÍA NUMAX

Camarón de la Isla, Beñat Arginzóniz
Sierpe, 2017

Leonard Cohen: Lorca, el flamenco y el judío errante, Alberto Manzano. Alfabia, 2012

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org

Abónate
e ven sempre
por
4,5€

**Faite
NUMAX!**